

TURISMO RURAL EN GALICIA

Informe anual 2016



galicia

DEMANDA TURISTICA

Comportamento positivo da demanda turística nos establecementos de turismo rural de Galicia neste ano 2016. A cifra de viaxeiros aloxados sobe un 8,7% e o volume de noites un 17,0% en relación ao 2015. Tal circunstancia coloca os niveis de demanda en máximos históricos con pouco máis de 210 mil viaxeiros e preto de 424 mil noites no conxunto da comunidade.

Evolución Demanda Turística en Turismo Rural. 2016/15

Viaxeiros

8,7%

Noites

17,0%

DEMANDA TURISTICA

Número de noites e variación interanual nas CC.AA. Ano 2016

	NOITES
ESPAÑA	9.838.355
Castela e León	1.564.042
Cataluña	1.123.195
Baleares	972.687
Andalucía	921.809
Asturias	787.436
Castela A Mancha	602.485
Cantabria	534.048
Aragón	492.531
País Vasco	434.998
<i>Galicia</i>	<i>423.952</i>
Canarias	416.214
Extremadura	384.019
C. Valenciana	383.071
Navarra	357.410
Madrid	258.495
Murcia	101.865
A Rioxa	80.101

	Var. Int. NOITES
ESPAÑA	11,5%
Madrid	21,2%
Andalucía	19,6%
País Vasco	17,7%
<i>Galicia</i>	<i>17,0%</i>
Castela A Mancha	16,8%
Baleares	16,7%
Asturias	15,4%
Murcia	10,3%
A Rioxa	10,1%
Aragón	9,7%
Cantabria	9,5%
Extremadura	9,2%
Canarias	8,7%
Castela e León	8,7%
Navarra	4,6%
Cataluña	3,9%
C. Valenciana	0,7%


DEMANDA TURÍSTICA

- O bo comportamento da demanda turística en Galicia insértase nun contexto de crecementos xeneralizados en todas as comunidades autónomas. A nivel global, no conxunto do Estado obsérvase neste ano un incremento da cifra de viaxeiros aloxados do 10,1% e do volume de noites do 11,5%
- Castela e León é o destino máis importante a nivel estatal –con algo máis de 1,5 millóns de pernoctacións representa o 15,9% do total de España-. Seguen en orde de importancia Cataluña –co 11,4%-, Baleares –co 9,9%- e Andalucía –co 9,4% neste caso-.
- Galicia, con preto de 424 mil pernoctacións, sitúase no grupo intermedio con niveis semellantes ao País Vasco e Canarias.
- En termos dinámicos o destino que presenta un crecemento de maior intensidade é Madrid, onde se superan en máis dun 21% os niveis do pasado ano. Seguen en orde de importancia Andalucía – que presenta un incremento do 19,6%-, o País Vasco –cunha suba do 17,7%- e Galicia –co 17,0% en relación ao pasado ano-.
- En termos absolutos o destino de maior crecemento da demanda é Andalucía que xera neste ano algo máis de 151 mil novas pernoctacións no segmento de turismo rural –o 14,9% do total da “nova” demanda-. Galicia xera neste 2016 preto de 62 mil novas pernoctacións, o 6,1% do conxunto do Estado.

É o terceiro ano consecutivo no que se rexistra un incremento da cifra de viaxeiros aloxados nos establecementos de turismo rural de Galicia –en 2014 a suba fora do 21,5% e en 2015 do 23,1%–, circunstancia que permite acadar agora en 2016 un máximo histórico con pouco máis de 210 mil viaxeiros aloxados.

Por vez primeira os establecementos de turismo rural da comunidade conseguen superar a barreira dos 200 mil viaxeiros, superando neste ano nun 8,6% o nivel do último Xacobeo 2010.


Evolución Viaxeiros Aloxados en Turismo Rural. 2012-16



DEMANDA TURISTICA

Do lado das pernoctacións acontece algo similar. En 2016 prodúcese un incremento do 17,0% que se engade ás subas do 19% rexistrada en 2014 e do 17,5% en 2015 o que permite recuperar e mesmo superar a demanda perdida nos tres anos anteriores – no trienio 2011-13 o segmento do turismo rural de Galicia experimentou caídas consecutivas do 24%, 8% e 4% respectivamente-. Con preto de 425 mil pernoctacións Galicia marca tamén neste ámbito un máximo histórico de demanda superando nun 8,9% o nivel do último Xacobeo.

Evolución das Noites en Turismo Rural. 2012-16




DEMANDA TURISTICA

Mantense e mesmo se reforza o carácter estacional do turismo rural en Galicia.

En 2016 o 66% da demanda en turismo rural concéntrase en catro meses, de xuño a setembro, sendo agosto o mes de maior afluencia turística con preto de 120 mil pernoctacións na comunidade –o 28,3% do total anual–.

En 2012 o 60% da demanda concentrábase de xuño a setembro, representando agosto o 27,5% do total.

Noites nos Establecementos de Turismo Rural. Ano 2016, por meses




DEMANDA TURISTICA

O bo comportamento da demanda en 2016 ten un carácter homoxéneo desde o punto de vista temporal, isto é, vén como consecuencia dos crecementos rexistrados en practicamente todos os meses do ano, con diversa intensidade.

Na primeira parte do ano o comportamento é máis irregular, alternándose meses de crecemento, estabilidade e mesmo descenso en abril –por mor do efecto do calendario coa celebración da Semana Santa- mais de xuño a outubro, e tamén en decembro, obsérvase un crecemento sostido a taxas semellantes e importantes.

En termos absolutos o incremento máis notable prodúcese no período estival, en xullo e agosto, cando se xeraron en conxunto preto de 35 mil novas pernoctacións en relación ao pasado 2015 –o 56% do total do ano-.


Variación Noites en Aloxamentos de Turismo Rural . 2016/15, por meses



MERCADOS TURÍSTICOS

En 2016 o 75% da demanda en turismo rural corresponde ao turismo nacional, segmento que engloba tanto ao mercado interno –dos residentes en Galicia, que supón o 29% con algo máis de 120 mil noites- como ao receptor nacional –españóis procedentes doutras comunidades autónomas, que representa o 46% con preto de 200 mil noites-. O turismo internacional representa neste caso o 25% das noites nos aloxamentos de turismo rural de Galicia, cifra que supón un máximo histórico en Galicia e representa a pouco máis de 108 mil noites.

Peso principais mercados en Turismo Rural. 2016



MERCADOS TURÍSTICOS


Obsérvase neste ano 2016 un comportamento homoxéneo dos tres grandes segmentos de mercado se ben con diversa intensidade.

O turismo interno, dos residentes en Galicia, mellora os seus niveis de demanda nun 5,7% mentres que o mercado receptor nacional increméntase neste caso nun 11,5%, porcentaxes ambas referidas ás pernoctacións. En conxunto o turismo de orixe estatal mellora nun 9,2% en relación ao pasado ano.

O turismo internacional participa tamén desta conxuntura positiva e dunha forma moi intensa pois supera nun 48,0% os niveis do pasado ano 2015.

En termos absolutos é tamén o segmento internacional o que xera maior volume de noites neste ano con máis de 35 mil neste 2016.

Evolución principais mercados no segmento de Turismo Rural . Noites 2016/15




MERCADOS TURÍSTICOS

O mercado interno rexista en 2016 o terceiro ano consecutivo de crecemento da demanda no segmento de turismo rural. Xa en 2014 amosara un incremento do 10% -rompendo naquel momento a tendencia negativa de caídas consecutivas nos catro anos anteriores- e que tería continuidade en 2015 coa suba do 13,1%.

Con preto de 75 mil viaxeiros aloxados e algo máis de 120 mil pernoctacións o turismo interno acada en 2016 os niveis máis elevados dos últimos seis anos e recupera boa parte dos volumes perdidos nos anos centrais da crise.

A pesar desta mellora o peso do mercado interno fica por vez primeira por debaixo do 30% do total das noites –en particular no 28,6%-, circunstancia que fala dun pequeno cambio na estrutura da demanda neste sector.

Evolución Mercado Interno en Turismo Rural. Noites 2012-16




MERCADOS TURÍSTICOS

Similar comportamento obsérvase no segmento do turismo receptor nacional –españóis residentes fóra de Galicia-. O bo comportamento rexistrado neste 2016 engádese ao observado no ano 2014 –cando marcara un incremento do 19%- e no 2015 –coa suba do 16%-.

Son tres anos consecutivos de crecemento do mercado receptor nacional –que contrarrestan coas caídas rexistradas no trienio 2011-13-, o que sitúa os niveis de 2016 –pouco máis de 78 mil viaxeiros aloxados e preto de 195 mil pernoctacións- nos máis elevados dos últimos seis anos.

Evolución Mercado Receptor Nacional en Turismo Rural. Noites 2012-16



MERCADOS TURÍSTICOS


O turismo internacional acumula tamén tres anos consecutivos de incremento da demanda no segmento do turismo rural, con subas intensas do 39% en 2014, do 28% en 2015 e do 48% agora en 2016.

Ditos incrementos sitúan os niveis do turismo internacional novamente en máximos históricos con algo máis de 57 mil viaxeiros aloxados e de 108 mil pernoctacións.

Este segmento acada tamén máximo de peso no conxunto da demanda co 25,5% do total das pernoctacións, porcentaxe que se asemella xa ao observado noutras tipoloxías.

Dalgunha maneira está mudando a estrutura da demanda turística no ámbito do aloxamento rural mantendo en todo caso o forte peso do mercado nacional no seu conxunto.


Evolución Mercado Internacional en Turismo Rural . Noites 2012-16



MERCADOS TURÍSTICOS

ESPAÑOIS

ESTRANX.



MERCADOS TURÍSTICOS

- Tendo en conta o volume global da demanda turística, o mercado interno –correspondente aos residentes en Galicia- representa en 2016 o 28,6% do total das pernoctacións nos establecementos de turismo rural.
- Madrid é o principal mercado emisor a nivel nacional. Con preto de 63 mil noites representa o 14,8% do total da demanda en turismo rural –porcentaxe inferior á do pasado ano-.
- Seguen en orde de importancia Cataluña –co 6,5%-, Andalucía –co 5,1%- e a C. Valenciana –co 4,0% neste caso-, mercados que se localizan lonxe da nosa comunidade –neste sentido superan en volume e peso a mercados de proximidade como Asturias e Castela e León-.
- No ámbito internacional mantense o Reino Unido como o principal mercado emisor a Galicia. En 2016 rexístranse pouco máis de 10.500 pernoctacións correspondentes ao mercado británico, o 2,5% do total da comunidade.
- En segundo lugar sitúase, por segundo ano consecutivo, o mercado americano –EE.UU. representa o 2,3% do total- superando en volume e peso a mercados tradicionais como Alemaña –que supón neste ano tamén o 2,3%-, Francia –co 2,0%- ou Italia –co 1,2% neste caso-.
- Portugal, mercado tradicional na nosa comunidade e que normalmente lidera o ranking do turismo internacional, sitúase neste caso como o sexto en orde de importancia –representa por segundo ano consecutivo o 1% do total da demanda en turismo rural-.


MERCADOS TURÍSTICOS

O bo comportamento do mercado nacional vén como consecuencia do crecemento rexistrado nos principais mercados emisores coas excepción neste caso de Castela e León –segmento que presenta unha caída do 9,5%.

Destacan en intensidade os incrementos rexistrados polos mercados máis lonxanos neste caso –Cataluña cunha mellora do 20%, Andalucía cun 28% e a C. Valenciana cun 31%.

Os dous mercados máis potentes –Galicia e Madrid- así como Asturias son os que presentan un crecemento máis suave ou discreto –do 6% o primeiro e do 4% estes dous últimos.

Evolución Principais Mercados Nacionais en Turismo Rural. Noites 2016/15




MERCADOS TURÍSTICOS

A nivel internacional obsérvase un comportamento máis dispar no relativo aos principais mercados emisores. Dunha banda caen os niveis de demanda dos dous máis importantes –Reino Unido e EE.UU., cun descenso do 3,7% no primeiro e do 8,1% no segundo-, circunstancia que en todo caso non impide que manteñan os primeiros postos no ranking.

Os restantes mercados considerados si amosan un comportamento positivo de diversa intensidade. Destaca neste caso o crecemento rexistrado polo turismo francés –do 23%- así como do italiano –do 13% neste caso-. O mercado alemán é o que presenta unha suba máis moderada, do 3% neste caso.

Cabe sinalar ademais que o forte crecemento do turismo internacional en Galicia non se atribúe en exclusiva ao comportamento dos principais mercados emisores senón que parte do mesmo recae sobre un “resto do mundo” difícil de discernir coas cifras provisionais actuais.




ANÁLISE POR TIPOLOXÍAS

O INE clasifica os establecementos de turismo rural en tres tipoloxías fundamentalmente: 1) Grandes Edificacións –pazos, casas grandes, casas reitorais,...-, 2) Casas Rurais –casas rurais, casas de aldea,...-, e 3) Turismo Activo –casas de labranza, agroturismo,..-.

En 2016 algo máis do 71% da demanda en turismo rural –con preto de 300 mil noites- corresponde ao segmento das Casas Rurais. Un 21% opta por Grandes Edificacións –son 86 noites- mentres que tan só o 8% elixe os aloxamentos de Turismo Activo –casas de labranza,...-. Neste último segmento rexistráronse case 34 mil noites neste 2016.

Peso das diferentes tipoloxías en Turismo Rural. 2016




ANÁLISE POR TIPOLOXÍAS

O bo comportamento da demanda no ámbito do turismo rural en Galicia vén como consecuencia dos incrementos rexistrados nas tres tipoloxías consideradas.

Desde o punto de vista relativo o crecemento de maior intensidade reside no segmento de menor peso –o do Turismo Activo- onde se superan nun 27% os niveis de demanda do pasado ano. Nas Casas Rurais –segmento de maior peso neste caso- o incremento é tamén importante, do 19% en relación ao 2015, quedando o segmento das Grandes Edificacións cun 9%.

En termos absolutos o crecemento máis notable e destacado reside xustamente no segmento de maior peso –as Casas Rurais- onde se xeraron preto de 47 mil novas pernoctacións neste 2016. Nas outras dúas tipoloxías o incremento tradúcese entorno a 7 mil novas pernoctacións en cada unha.


Variación da demanda en turismo rural, por tipoloxías. 2016/15



ANÁLISE POR TIPOLOXÍAS

O incremento da demanda no segmento das “Grandes Edificacións” consolida en certa maneira un cambio de tendencia desde que en 2014 se rompeu a serie de caídas das pernoctacións nos anteriores anos. No período 2011-13 este segmento da oferta experimentou caídas consecutivas do 19%, 4% e 11,5% respectivamente, tendencia que muda en 2014 coa suba do 2%. O crecemento de 2015 –do 16%- e de 2016 –do 9%- permite recuperar o perdido nestes anos e acadar o nivel máis elevado desde o 2010 –cando se rexistraran preto de 97 mil noites neste segmento da oferta de turismo rural-.


Evolución da Demanda no segmento “Grandes Edificacións”. Noites 2011-16



ANÁLISE POR TIPOLOXÍAS

A evolución da demanda no segmento das “Casas Rurais” presenta un cambio de tendencia xa en 2013 –cando se rompe a dinámica de caídas rexistradas en 2011, do 28%, e 2012, do 9%- e conséguese estabilizar a cifra de noites rexistradas. En 2014 rexístrase un impulso notable, do 24,0%, que se reafirma en 2015 -co incremento 23,6%- e ten continuidade agora en 2016 coa suba do 18,6%. Son, por tanto, tres anos consecutivos de crecemento da demanda nesta tipoloxía, circunstancia que permite aproximarse ás 300 mil pernoctacións, o nivel máis elevado desde o 2008. Este segmento, por tanto, recuperou totalmente e mesmo superou os niveis perdidos nos anos centrais da crise.


Evolución da Demanda no segmento “Casas Rurais”. Noites 2011-16




ANÁLISE POR TIPOLOXÍAS

No ámbito do “Turismo Activo: casas de labranza, turismo activo,...” a dinámica cambia respecto das modalidades anteriores. O incremento rexistrado neste 2016 rompe cunha tendencia de caídas consecutivas da demanda nos seis anos anteriores e que colocou o volume de noites en mínimos históricos con pouco máis de 26 mil xustamente o pasado ano. O forte crecemento deste ano permite recuperar boa parte do perdido nese período e colocar o volume final en case 34 mil noites, a cifra máis elevada dos últimos cinco anos.

Evolución da Demanda no segmento “Turismo Activo”. Noites 2011-16




A estadía media nos establecementos de turismo rural de Galicia sitúase en dúas noites neste 2016, cifra que supera nun 8% a cifra do pasado ano. Este incremento rompe coa tendencia de caídas rexistradas nos dous anos anteriores –en 2014 e en 2015- e permite recuperar o nivel das dúas noites novamente –cifra que se perdera por vez primeira en 2012-. Con todo a cifra deste 2016 queda lonxe dos niveis que o segmento do turismo rural acadaba nos anos previos á crise cando igualaba ou mesmo superaba a cifra de 2,2 noites de media.



A estadía media varía sensiblemente entre as diferentes tipoloxías ou cando menos nalgunha delas. O valor máis elevado sitúase no segmento das Casas Rurais onde se rexistra un promedio de 2,2 noites. Nas outras dúas modalidades a cifra queda en 1,7 noites neste 2016.

A estadía media sobe a nivel global e tamén nas tres tipoloxías consideradas –algo máis dun 4% nas Grandes Edificacións e preto dun 9% tanto no segmento das Casas Rurais coma nas de Turismo Activo–.


Estadía media nos establecementos de Turismo Rural, por tipoloxías. Ano 2016



O incremento da demanda –medida en número de noites- prodúcese nun contexto de estabilidade da oferta –medida en número de prazas abertas dispoñibles-. Tal circunstancia tradúcese nunha mellora dos niveis de ocupación no ámbito do turismo rural, de 2,5 puntos porcentuais, ata situarse no 18,2% de media.

É o terceiro ano consecutivo no que o segmento do turismo rural de Galicia rexistra unha mellora dos niveis de ocupación –a ritmos importantes-, recuperando e mesmo superando as caídas observadas nos anos de crise e acadando, en realidade, a cifra máis elevada desde o 2004.

A pesar de continuar sendo unha cifra baixa pois non chega ao 20% de media anual, o nivel de ocupación en Galicia supera ao rexistrado en nove comunidades autónomas. Baleares marca a cifra máis elevada cun 54,6%.




O incremento da demanda nas diferentes tipoloxías tradúcese, en termos xerais, nunha mellora dos niveis de ocupación. O crecemento de maior intensidade prodúcese no segmento do Turismo Activo onde se supera en pouco máis de catro puntos o nivel do pasado ano –o forte incremento da demanda, do 27%, prodúcese nun contexto de caída da oferta dispoñible do 4% o que intensifica o efecto positivo da primeira–.

Similar circunstancia acontece no caso das Grandes Edificacións, onde conflúe un incremento da demanda cun descenso da oferta dispoñible, mellorando así o nivel de ocupación en case dous puntos porcentuais.

Xustamente no segmento das Casas Rurais obsérvase un leve incremento da oferta –do 2%– menor en todo caso á suba da demanda e, por tanto, sobe o nivel de ocupación –en 2,5 puntos neste caso–.


Esta dinámica coloca os niveis de ocupación en valores semellantes entre as diferentes tipoloxías, situándose por encima do 18% nas Grandes Edificacións e nas Casas Rurais, e no 16,7% en Turismo Activo.

Ocupación e Variación Interanual en Turismo Rural, por tipoloxías. Ano 2016



A Coruña é a provincia que rexistra un maior volume de demanda en turismo rural –absorbe o 39% das noites neste ano 2016-. Lugo e Pontevedra recollen entón a unha cuarta parte da demanda cada unha mentres que Ourense fica co 12% restante. Mantense a grandes trazos a estrutura da demanda do pasado ano 2015. Obsérvase no ámbito do turismo rural un reparto territorial da demanda máis equitativo ou equilibrado en relación a outras tipoloxías de aloxamento como os establecementos hoteleiros ou os cámpings –onde se rexistra unha maior concentración da oferta e demanda nas provincias do litoral atlántico-.

Reparto territorial da demanda en turismo rural, por provincias. Noites 2016




ANÁLISE TERRITORIAL

Obsérvase neste ano 2016 un comportamento homoxéneo da demanda en turismo rural a nivel territorial. En particular, tanto a cifra de viaxeiros aloxados coma o número de noites sobe nas catro provincias galegas se ben con diversa intensidade. A Coruña e Lugo rexistran os incrementos máis destacados, superando nun 19% e 20% respectivamente o número de noites do pasado ano. En Ourense e Pontevedra o crecemento é menos intenso en termos comparativos aínda que destacado igualmente –sitúase no 13% na primeira e no 14% nesta última-.

En termos absolutos é A Coruña a provincia onde se rexistra o crecemento máis notable –xeráronse neste ano 26 mil novas pernoctacións en comparación co 2015-. En Ourense, en cambio, fica o incremento máis moderado con preto de 5.800 novas pernoctacións.

Evolución da demanda en turismo rural, por provincias. Noites 2016/15




ANÁLISE TERRITORIAL

A estadia media nos establecementos de turismo rural varía a nivel territorial. O valor máis elevado rexístrase na provincia de Pontevedra onde se achega neste 2016 a 2,5 noites de media.

Nas restantes tres provincias a cifra sitúase ben nas dúas noites de media –caso de A Coruña e Lugo- ou ben nun valor inferior – concretamente en 1,6 noites en Ourense-.

Salvo nesta última provincia –onde a cifra se mantén estable en relación ao 2015- a estadia media sobe nas provincias galegas, con diversa intensidade –un 8% en A Coruña, un 14% en Lugo e un 5% en Pontevedra-.


Estadia media en turismo rural, por provincias. Ano 2016



ANÁLISE TERRITORIAL


A mellora da demanda tradúcese nun incremento das cifras de ocupación nas catro provincias galegas. A suba de maior intensidade prodúcese en A Coruña onde a ocupación mellora en algo máis de catro puntos porcentuais ata situarse no 24,9% de media –acontece aquí que o crecemento da demanda prodúcese nun contexto de leve descenso da oferta dispoñible, do 1,5%-. Nas restantes tres provincias o incremento é menor aínda que parello en intensidade: de 2,3 puntos en Pontevedra, de 2,1 puntos en Ourense e de 1,3 puntos en Lugo. Nesta última a mellora da demanda prodúcese nun contexto de incremento da oferta dispoñible –do 8,0%- o que minora o efecto positivo da primeira e deixa o crecemento da ocupación en algo máis dun punto porcentual. Nestas tres provincias a ocupación media sitúase levemente por encima do 15% en 2016.

Grao de ocupación e variación en turismo rural, por provincias. 2016/15



En consonancia co volume de oferta existente en termos de prazas de aloxamento en turismo rural, a demanda turística concéntrase principalmente en dous xeodestinos: Terras de Santiago e Deza –co 23% do total de Galicia- e as Rías Baixas –co 27% neste caso-. En ambas, por tanto, localízase a metade das pernoctacións totais da comunidade. A outra metade repártese nos restantes destinos cunha distribución bastante semellante. Destaca en todo a zona central da provincia de Lugo ,que abrangue os destinos Lugo-Terra Cha e Ancares-Courel, cun 10,5% do total. No lado contrario é a Costa da Morte o destino que menor volume e peso ten no conxunto da comunidade cun 6,3% do total da demanda en turismo rural.

Reparto territorial da demanda de turismo rural por xeodestinos. Noites 2016




Desde un punto de vista territorial obsérvase homoxeneidade de comportamento da demanda neste ano 2016, con crecementos en todos os xeodestinos turísticos da comunidade.

Destacan en intensidade as subas rexistradas no destino Rías Altas –que superan nun 40% as cifras do pasado ano-. Xa en 2015 amosara un comportamento semellante, cun crecemento do 50% naquel caso.

Presentan tamén subas importantes, por encima do 20% interanual, o xeodestino Lugo-Central e a Ribeira Sacra.

No lado contrario, o crecemento máis modesto fica na Costa da Morte onde se superan nun 5,5% os niveis de demanda do pasado ano.

Evolución da demanda de turismo rural por xeodestinos. Noites 2016/15




En dous destinos do litoral de Galicia –concretamente nas Rías Baixas e na Mariña Lucense- é onde se rexistran as estadias medias máis elevadas dentro dos establecementos de turismo rural, cun promedio de 2,4 noites neste ano 2016. Nas Rías Altas tamén se rexistran cifras importantes, de 2,1 noites neste caso.

Os demais destinos presentan valores iguais ou inferiores ás dúas noites de media quedando Ourense neste caso como o xeodestino coa cifra máis baixa do conxunto de Galicia –rexistra 1,6 noites neste ano-.

A estadia media sobe e mellora en todos os destinos –con especial intensidade naqueles localizados na provincia de Lugo con incrementos que superan nalgún caso o 20% interanual-, agás no xeodestino Ourense onde se observa unha leve caída do 3% en relación ao dato de 2015.

Estadia media en turismo rural, por xeodestinos. Ano 2016



TURISMO RURAL EN GALICIA

Informe anual 2016



galicia